

A CATEDRAL DE LEÓN.

Catedral de Santa María de León, adicada a Santa María de Regla. Tamén se chama **“Pulchra leonina”** que quere dicir a máis fermosa de León debido a súa grande beleza, porque parece case unha xoia (feita con pouca pedra e moita vidrieira).



FACHADA



VIDRIERAS

É unha catedral, é dicir, unha igrexa moi importante.

Cando se fixo, na Idade Media, servía para rezar e pensar na idea dun deus que era grande, luminoso e colorido. Tamén servía para acoller a peregríns que ían facendo o Camiño de Santiago.

Pero agora moitas persoas queren entrar para disfrutar da súa luminosidade, a súa beleza e o colorido das vidrieiras. Sen embargo, cando eu entro na Catedral, penso que é un xigante caleidoscopio de milleiros de cores facendo multitude de figuras.



Fíxose na Idade Media ao longo de varios séculos. A actual catedral de estilo gótico comezouse a construír no ano 1205 (século XIII), pero se fixo sobre outra anterior románica.

A historia da construción é longa e complicada: orixinariamente, baixo a actual ubicación da catedral, a Lexio VII xemina romana (de aí ven o nome da cidade) construíu unhas termas (os baños públicos que usaban os romanos), cun tamaño superior ao actual edificio.

Durante a reconquista cristiá as antigas termas romanas foron convertidas nun pazo real. No ano 916 o rei Ordoño II (hoxe permanece no nome dunha importante rúa da cidade) venceu aos árabes nunha batalla e como agradecemento a deus cedeu o pazo para construír a primeira catedral románica. Despois, sobre esta estrutura, fíxose a actual catedral gótica.

Como rasgo característico máis importante podemos sinalar a gran cantidade e variedade de vidrierías que ten esta catedral, de feito é coñecida por alcanzar o **summum lumínico** de todas as catedrais, cun espazo grande de vidros e moi pouca cantidade de pedra para suxeitar o edificio, chegando así a superar as catedrais francesas.



Na arquitectura gótica xeneralízase o uso dos arcos apuntados e a bóveda de crucería que permiten concentrar o peso nun punto determinado e non en todo o muro, polo que esta catedral é das máis altas e esbeltas do mundo. Por iso cando se entra na catedral se ten unha sensación de lixeireza e espiritualidade que resulta moi fermosa hoxe.

ALTAR MAIOR



Foron moitas persoas as que traballaron neste monumento, pero o que tivo a idea foi o arquitecto mestre Enrique. Este mestre tomou a idea orixinal da catedral francesa de Reims.


CATEDRAL DE REIMS

IMAXES



A LENDA DA TOUPA: A catedral tivo problemas na súa construción e comezouse a falar dunha toupa xigante que polas noites destruía o que se facía polo día. Na actualidade hai colgada nuha parede o que se pensaba que era a pel deste animal, pero, en realidade, se trata da cuncha dunha curiosa especie de tartaruga que se chama tartaruga laúd.


PLANTA DA CATEDRAL DE LEÓN



1. Pórtico de Nuestra Sra. La Blanca.
2. Pórtico de San Juan.
3. Pórtico de San Francisco.
4. Capilla de San Juan.
5. Deambulatorio o girola.
6. Coro.
7. Altar Mayor y Retablo.
8. Puerta de Nuestra Sra. del Dado.
9. Capilla de Santa Teresa.
10. Claustro.
11. Capilla de San Nicolás.
12. Capilla del Conde de Rebolledo.
13. Capilla de San Andrés.
14. Capilla de Santiago.
15. Capilla de Nuestra Sra. del Dado.
16. Capilla del Tránsito.
17. Capilla del Nacimiento.
18. Capilla de la Concepción.
19. Capilla de la Virgen Blanca.



Planta.



Este é o famoso caleidoscopio do que vos falei.



YESERASH VILLA LÓPEZ 3º B